




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Secretaría Xeral de Política Lingüística., **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto formalizar un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un período de vixencia que abrangue dende o 13/03/2018 ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de accións en proxectos de investigación estratéxicos -especialmente nos ámbitos da lingua e da literatura galegas- co fin de garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade actual (como a modernización léxica ou o desenvolvemento das tecnoloxías da fala), e de que sirvan de soporte para outros investigadores (como a elaboración de corpus e de grandes bases de datos que se actualicen de maneira continuada, ou a realización de informes anuais sobre a produción literaria galega).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que é interese de ambas as partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas profesionais e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e así mesmo non supón custo económico ningún para cada unha delas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de marzo de 2018.

